

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 30 DE XUÑO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/8/2009.- Sandra Camino Fernández.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Reibó – Laraño.

**Lic/1174/2009.- Francisco Javier Vázquez Illodo.-** Legalización de muro no lugar de Xulacasa nº 26.

**Lic/829/2008.- Javier Mujico García.-** Reconstrucción de vivenda unifamiliar adousada no lugar de As Pereiras – San Caetano.

**Lic/2356/2007.- Inmobiliaria Domínguez Vázquez, S. A.-** Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Santa Marta – PERI 3.

#### RECURSO DE REPOSICION.-

**Lic/8/2008.- Carmen Bargo Iglesias.-** Vivenda unifamiliar no lugar de A Pena nº 2. (-)

**Lic/1713/2008.- María Luísa Santalices Fernández.-** Ampliación de edificación na rúa das Tabaniscas nº 15 (-)

#### PARCELACIONES.-

**Lic/671/2009.- María Luísa Torres Devesa.-** Parcelación urbanística da parcela sita na rúa Centeira nº 9. (+)

**Lic/71/2009.- Manuel Salvado Vázquez.-** Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Bando de Abaixo. (+)

**Lic/1313/2007.- Droga Conde, S. A.-** Modificación da licenza de parcelación urbanística da parcela sita na Avda. do Cruceiro da Coruña (+)

#### SUBSANACION DE ERROS.-

**Lic/892/2008.- Yagocasa.-** 67 vivendas unifamiliares no SUNP-25 de Roxos.

#### CADUCIDADE DE LICENZA.-

**Lic/372/2008.- Residencial Cambrils, S. L.-** Edificio de 25 vivendas, 4 locais, garaxes e trasteiros na rúa do Avío nº 27.

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

**Lic/1221/2009.- Daniel Cajade Bao.-** ..... Expte. Lic/6/2003 ..... 1.500 €.-

**Lic/1203/2009.- Urbanizadora Do Monte.-** ..... Expte. Lic/1817/2004 .... 2.500 €.-

#### APERTURAS.-

**Lap/142/2008.- Jesús Redondo Muñoz.-** Apertura de taller de reparación eléctrica e mecánica do automóvil na rúa Calzada de Torrente nº 16. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e Xustiza.

**Lap/13/2007.- Jorge Cao Durán.-** Apertura de comercio de produtos congelados na rúa Amor Ruibal nº 13. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e Xustiza.

### OCIHR

#### LICENZAS.-

##### FAVORABLES

**LIC/2033/2008.- D. JOSÉ MANUEL MÉNDEZ RODRÍGUEZ.-** Reforma de cuberta de edificación existente na Rúa de San Pedro nº 13.

**LIC/2221/2008.- Dna. DOLORES RODRÍGUEZ VÁZQUEZ.-** Restauración de escaleiras no inmoble sito na Rúa das Rodas nº 12.

**LIC/477/2008.- D. URBANO A SANTANA PENÍN.-** Construcción dunha planta de soto e reestruturación do seu interior en rúa de Eduardo Pondal nº 5.

**LIC/1985/2008.- D. JOSÉ PEREIRA IGLESIAS.-** Remodelación da fachada principal na Rúa de Sar nº 56.

**LIC/806/2008.- DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN S.A.-** Reforma e ampliación de supermercado (DIA S.A.) na Corredoira das Fraguas nº 1-3 5.

## **DISCIPLINA.-**

### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**DIS/291/2009.-** Devolución da fianza depositada por Dna. DORINDA ELENA ROMARÍS FERREIRO, en garantía da licenza para a ocupación da vía pública cunha estada na rúa de San Clemente nº11. O importe da fianza é de 601€.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas por importe de 2405 euros.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse inicialmente 47 axudas para vivendas por un importe total de 240.209,98 euros.

#### **7.- Proposta das concelleiras delegadas de Centros Socioculturais e de Medio Ambiente relativa ás actividades do Programa "Vive o verán".**

Apróbase a proposta pola que 48.574 euros do programa "Vive o verán" se derivan á partida de actividades de Centros Socioculturais.

#### **8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación da liquidación da acción "IV Gala do Comercio Compostela Capital de Compras 2009".**

Apróbase a liquidación cun resultado de 80 euros.

#### **10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do gasto e participación do Concello nos VIII Xogos do Eixo Atlántico.**

Apróbase a participación da delegación de Santiago nos VIII Xogos do Eixo Atlántico que se van celebrar na Coruña do 5 ao 10 de xullo. Tamén se aproba un orzamento de 25.000 euros.

#### **11.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade relativa á solicitude de subvencións para programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma Galega. Ano 2009.**

Apróbase a solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Emigración por importe de 16.790 euros para os programas de Acollida e Acollida Especializada.

#### **12.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á solicitude de subvención para programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.**

Apróbase a solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade por importe de 20.000 euros para programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

#### **13.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade relativa á realización dun estudo diagnose referido á situación das persoas sen fogar do Concello.**

Apróbase levar a cabo coa Fundación RAIS un estudo diagnose sobre a situación das persoas sen fogar no Concello por importe de 15.483,99 euros.

#### **14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa ao abono de bolsas de comedor escolar.**

Apróbanse axudas para comedor escolar por importe de 1.068 euros.

#### **15.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do servizo de redacción de proxecto de execución e estudio de Seguridade e Saúde das obras de reurbanización da Zonas das Hortas (ámbito das rúas Raxoi, San Clemente e Trinidad na parte non incluída no FIL).**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 51.004,61 euros máis IVE.

**16.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Redacción de Proxecto de Execución e Estudio de Seguridade e Saúde das Obras de Reurbanización da Zona do Cruceiro do Gaio (ámbito Campo das Hortas-rúa Cruceiro do Gaio)**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 50.637,79 euros máis IVE.

**17.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de Dirección Facultativa media e Coordinación de Seguridade e Saúde das obras de Reurbanización da zona do Cruceiro do Gaio (ámbito Campo das Hortas-rúa Cruceiro do Gaio)**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 23.829,55 euros máis IVE.

**18.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do servizo de dirección facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización da zona das Hortas (ámbito rúas Raxoi, San Clemente e Trinidad na parte non incluída no FIL)**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 24.002,17 euros máis IVE.

**19.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro e posta en funcionamento da nova versión do portal web do Concello de Santiago de Compostela.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 32.758,62 euros máis IVE.

**20.- Adxudicación definitiva das obras de reforzo da vía pública M-28-V (Mourentán), incluídas no POS ADICIONAL 2/2008 da Deputación da Coruña.**

Adxudícanse definitivamente as obras á empresa OVIGA, SL, por importe de 90.517,24 euros máis IVE.

**21.- Servizo de implementación do proxecto municipal de Educación en rúa, a desenvolver no ámbito territorial e social de referencia do Punto de Atención de Servizos Sociais en Fontiñas.**

Apróbase a ampliación do contrato ata o 10 de setembro de 2009 suscrito coa empresa ATALAIA SOCIAL, SLNE, por importe de 14.816,15 euros.

**22.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á celebración de Mercado Medieval no Casco Histórico.**

Apróbase a celebración do mercado, que se adxudica á empresa EMACAR EVENTOS SL, por importe de 6.960 euros.

**23.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á contratación dunha asistencia técnica dun licenciado en Educación física e deportes para a unidade Concello Saudable.**

Apróbase a contratación da asistencia técnica dun licenciado en Educación Física e Deportes para a unidade saudable do Concello por importe de 20.764 euros.

**24.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á contratación dunha asistencia técnica dun técnico superior en dietética e alimentación para a unidade Concello Saudable.**

Apróbase a contratación da asistencia técnica dun técnico superior en dietética e alimentación para a unidade saudable do Concello por importe de 16.472 euros.

**25.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social relativas á aprobación de Convenios con diversas entidades.**

Apróbanse convenios con diversas entidades:

- Fundación Secretariado Xitano: 19.700 euros
- Asociación Internacional Teléfono da Esperanza (ASITES): 2.200 euros
- Asociación galega para a Asistencia e Investigación dos trastornos da personalidade (TP-Galicia): 2.200 euros.
- Asociación cultural galega para a Formación permanente de Adultos: 2.200 euros
- Asociación galega para a axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (AGADEA): 3.606 euros
- Centro cultural-social Xoán XXIII: 20.208,50 euros
- Seminario galego de Educación para a Paz: 1.700 euros
- Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (ASPANAES): 3.100 euros
- Asociación de Persoas Xordas de Santiago: 8.500 euros
- Down Compostela: 2.705,06 euros
- Asociación Compostelá de Esclerose: 2.705,06 euros.

**26.- Proposta da concelleira delegada de Persoal para dar conta da sinatura do Convenio de colaboración en materia de formación entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello.**

Dáse conta da sinatura do convenio para a formación da Policía Local.

**27.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á asignación do complemento de produtividade ao persoal municipal.**

Apróbase a asignación do complemento de produtividade ao persoal municipal.

**28.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á retroacción de actuacións, modificación de titularidade e remisión ao Ministerio Fiscal da tramitación relativa á parcela 7 do proxecto de expropiación, polo procedemento de taxación conxunta do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7) de Ponte Pedriña.**

Modifícase o proxecto de expropiación do SUP-7 en canto á titularidade da parcela 7 do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta considerándoa como controvertida. Así mesmo retrotráese o expediente e dáse traslado o Ministerio Fiscal das actuacións realizadas.

**29.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva da conta de liquidación definitiva do solo urbanizable non programado número 37, sector 1º (SUNP-37.1) de Costa Vella.**

Apróbase definitivamente a conta de liquidación definitiva da urbanización do polígono industrial 37.1 de Costa Vella segundo o documento presentado por EMUVISSA.

**30.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da conta de liquidación definitiva da UA-14, 15, 17, 18 e 19 do Plan especial de reforma interior número 7 (PERI-7) de Ponte Pedriña.**

Apróbase definitivamente a conta de liquidación definitiva da urbanización da UA-14, 15, 17, 18 e 19 do Plan especial de reforma interior número 7 (PERI-7) de Ponte Pedriña segundo o documento presentado por EMUVISSA.

**31.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da conta de liquidación definitiva do solo urbanizable programado número 5, polígono 2 (SUP-5.2) de Choupana.**

Apróbase inicialmente a conta de liquidación definitiva da urbanización do solo urbanizable programado número 5, polígono 2 (SUP-5.2) de Choupana segundo o documento presentado por EMUVISSA.

**32.- Estudo de detalle na parcela H1 do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25). Roxos.**

Apróbase inicialmente o estudo de detalle.

**33.- Conta de liquidación definitiva da rúa da Queimada.**

Incorpóranse modificacións ao texto da aprobación inicial da conta de liquidación da rúa da Queimada que, como resultado dos cambios experimentados no período de información pública presenta un saldo resultante bruto total de 235.279,17 euros e un saldo resultante neto total de 44.044,34 euros.

**34 a 40.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables e taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

**39.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación de recurso interposto contra acordo de data 05.05.09.**

Estímase un recurso.

**41.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do orzamento e das bases da convocatoria de subvencións a actividades dirixidas á Xuventude. Ano 2009.**

Apróbanse as bases e un orzamento de 25.000 euros.

**42.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento e bases da convocatoria de subvencións a proxectos e actividades educativas. Ano 2009.**

Apróbanse as bases e un orzamento de 25.000 euros.

## **URXENCIAS**

**1. Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente do servizo de coordinación dos traballos de proxección e execución das obras para intervencións de urbanización de espazos públicos en Santiago de Compostela.**

Apróbanse os pregos e cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo total de licitación de 56.896,55 euros máis IVE.